

c) Domicilio: Rúa Rosalía de Castro, nº 17.

d) Localidade e código postal: Puebla de San Julián - 27360.

11.- Gastos de publicidade: Tódolos gastos que xerene esta contratación, incluídos os gastos de anuncios, serán por conta do adxudicatario.

12.- Apertura de ofertas:

Data: O terceiro día hábil, contado dende a terminación do prazo de presentación de proposicións. Se coincide en sábado trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

Hora: 12 horas.

Pobra de San Xiao (Láncara), a 23 de marzo de 2010.- O ALCALDE, Eladio Capón López.

R. 01534

—  
LUGO

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de Cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 09-209 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foi titular o falecido D. JOSE CENDAN RIVAS.

E, de conformidade con informe-proposta da Sección de Estatística e Cemiterio, comunícase a D. Carlos Cendán González que, segundo declaran os restantes herdeiros, resulta ilocalizable, que a tenenta de Alcalde Delegada da Area de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 09-209 do cemiterio municipal de San Froilán a favor do solicitante D. Lucio da Silva Bresce.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, o 16 de marzo de 2010.- A TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS XERAIS, Luisa María Zarzuela González.

R. 01482

—  
*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 116/2010 do 12 de marzo do 2010, aprobouse a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de CONSTRUCCION DUNHA PISTA DE TENIS CUBERTA NO RECINTO MUNICIPAL DO PARQUE DA MILAGROSA- 10 FEESL25.

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A construción das obras de CONSTRUCCION DUNHA PISTA DE TENIS CUBERTA NO RECINTO MUNICIPAL DO PARQUE DA MILAGROSA- 10 FEESL25.

b) Prazo de execución: Catro meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto do contrato é de 365.115,80 euros, IVE INCLUÍDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

a) Provisional: 9.442,65 €.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

b) Clasificación: Grupo C, subgrupo 2, categoría e).

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 127,66 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 26 de marzo de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 01531

## OUTEIRO DE REI

### *APROBACIÓN INICIAL DE DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN*

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no uso das facultades que me confiere o artigo 21 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, expoño:

O Plan de Sectorización RA-49, foi aprobado definitivamente o día 16 de abril de 2004. Dito Plan de Sectorización establecía como sistemas de actuación o sistema de compensación ou o de concerto. Conxuntamente co Plan de Sectorización aprobouse a reparcelación do ámbito.

En cumprimento do plan de etapas de dito plan, con data de 4 de marzo de 2005, aprobouse definitivamente o proxecto de urbanización correspondentes ao polígono de prescripción residencial RA-49, "Triacua".

Transcurrido o prazo máximo para a execución de ditas obras, conséntase que as mesmas non se executaron na súa integridade.

Previa tramitación do procedemento predeterminado normativamente, substituíuse o inicial sistema de actuación, fixando coma sistema de actuación o sistema de cooperación.

Modificado o sistema de actuación, convén adaptar os proxectos de urbanización iniciais a nova realidade física e xurídica, tendo en conta a execución parcial das obrigas de urbanización así coma as esixencias documentais propias da contratación administrativa.

É por iso polo que, o 12 de xaneiro de 2010, mediante Decreto da Alcaldía aprobouse inicialmente o proxecto das obras pendentes de urbanización do plan de Sectorización RA-49, composto polos seguintes documentos:

- Proxecto de urbanización do sector RA-49, terminación.
- Proxecto de L.M.T, C.T e R.B.T para urbanización do sector RA-49.
- Proxecto de alumeadado público para urbanización do sector RA-49.

No citado proxecto de urbanización recóllese a relación de bens e dereitos a expropiar, polo que, de conformidade co previsto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, resolvo:

- Declarar inicialmente a necesidade de ocupación dos seguintes bens: